

VALORES: HOXE, ONTE, MAÑÁ...

Ramón López Vázquez

Centro Ramón Piñeiro. Santiago de Compostela

Non quixera empeza-lo presente artigo sobre algunhas das peripecias históricas do concepto xenérico de valor coa fácil cantarela de que vivimos nunha fin de século onde o que foi xa non é, e o que será aínda non é; tampouco enumerando a cantidade inxente de "excrementos" que en forma de violencia, mágoas, corrupción, malversación de, outrora, belas palabras, alborotos anímicos, pragas malditas, etc., provocarían con facilidade unha actitude de moral sentimental, encamiñada a pór a favor ou ben en contra a todos aqueles que, coincidindo co expirar de cada unidade secular, tanto suspiran por redentores e restauradores de non sei cantos paraísos perdidos; menos aínda revestindo os sentimentos necios coa parábola dos talentos enterrados, e soñar cunha sociedade áurea para o século vindeiro, fundamentada no moito pracer hedonista e na pouca emoción intelixente. Non. Escribir sobre valores non acae con soportes anímicos comestos polas fochancas da nada, con ancestrais lembranzas, nin con falsas morais presidi-

das pola piedade que de forma espontánea toda miseria humana provoca. Escribir algo sobre valores esixe -tal é o propósito que quero levar a cabo-, en primeiro lugar, certifica-la súa presenza real na sociedade occidental do presente, apunta-la categorización feita pola filosofía dos valores neste século fóra e dentro de Galicia, para rematar facendo algunhas prospeccións tocante ás condicións que non deberan faltar no tratamento académico. Como común denominador, moito me gustaría mante-la idea subxacente de que as dimensións morais son para calquera tipo de sociedade elementos de primordial importancia no seu organigrama socio-cultural.

1. O APARECER FUGAZ, MEDIDA DE TÓDALAS COUSAS

Se queremos situarnos na altura dos tempos que corren con perspectiva histórica, con dicir que os valores divinos xa foran hai tempo devorados polos naturais, estes polos morais, os morais

e sociais comúns á especie polos individuais, e mesmo estes polo esvaementos e desintegración do suxeito nun incesante desfile de presencias e aparencias, non teremos aclarado case que nada, salvo, claro, que os valores son algo así como unha pedra que tirada nun estanque altera a totalidade da auga queda. Quero dicir que a vida humana ten nos valores, xa como causa xa como efecto, un expoñente fundamental cando queremos explicar todas aquelas cousas nadas no tempo; cada cambio no reino dos valores preanuncia ou certifica outros moitos nos demais campos da cultura; son, un dicir, coma as ganzúas do pensamento para abrir calquera outro pechado portalón.

No presente, a pulverización do suxeito individual, o pensamento mol, o grao cero do social, a primacía do pracer irracional, o individuo cargado de máis e máis información e, asemade, privado de coñecemento, o consumidor de presentes gozosos, o gusto polo veloz e polo que esvara sobre soportes sempre en desequilibrio e inseguros, a quincalla que reborda nas feiras de calquera aldea, a propaganda que obtura tódalas caixas do correo con ofertas de quita e pon, a moda que enche as páxinas centrais de milleiros de xornais, ¿non son boas mostras de que vivimos no mundo dos valores fugaces e transitorios? Cando hoxe se pensa e reflexiona sobre os valores, hai que ser conscientes de que tal operación ocorre nun universo de leis físi-

cas, psíquicas e morais feitas e pensadas para as présas e os cambios, para o devir e o fluír; nese mundo o aparecer está decote desmentindo o ser, os valores que non son, as ideas que non se teñen nin entenden, os pensadores que non pensan, a manteiga de mentiras, o viño sen alcohol, o queixarse de tanto cargo a agarrarse a el coma lapas, etc., dominan e presiden esta moderna versión do ser fronte ó parecer de tantas bagatelas. O sino dos tempos modernos non é ir máis aló do ben e do mal, senón perderse entre os ferrancheiros e feirantes que acoden e ateigan os mercados dos tempos das trampas nos grandes cercados do efémero.

No medio de tanto batifondo e bazar marroquí, de tanta celeridade e variada realidade, ¿ten sentido preguntarse polo xénero do valor?

As expresións “obxecto valioso”, “persoa ou paisaxe de valor único”, “valor medio das variables económicas”, “valor engadido”, “valor literario”, etc., dan atinada conta do significado polisémico que tal vocábulo pode recibir; á vez, proban que o mundo babélico no que estamos mergullados nos impide de raíz podermos falar dun concepto unívoco, dunha soa dirección, permanente e omniabarcante cando empregamos esta categoría léxica. Hai moitos graos e fragmentos de valores, como hai indefinidos anacos de realidade; a sorte dunha entidade universal, fundamentadora, dunha

axioloxía común para a especie humana, ninguén ten a chave para se meter na súa esencia ou polo menos a ningún privilexiado se lle reconece a autoridade e lexitimidade de adoutrinar, dirixir, condenar ou xulgar no nome de tamaña e arcana entidade. Por esta razón, calquera valor ten que participar de forma necesaria do relativismo e da fortuna do ser humano no momento e lugar de facer xuízos de valor; nunca con máis claridade a crise que, tantos e tantos, din que sofren os valores tivo meirande xustificación ca hoxe en día; a dificultade que desde sempre tódolos estudiosos do mundo moral atoparon á hora de fundamentala universalidade dos valores vese aquí e agora convertida nun dato máis do complexo mundo epistemolóxico no que viven as ciencias, despois de ter crebado a crenza nunha razón que tantos monstros leva concibido. Nin sequera as ciencias formais poden fundamentar con seguridade os seus teoremas desde que Russell, Frege, Gödel, Wittgenstein, etc., amosaron que a razón é paradoxal e colle auga por moitos furados.

Diante deste feito, calar puidera ser unha alternativa racional; limita-lo quefacer valorativo a describi-lo que sucede e o que cada narrador ve diante dos seus mesmos ollos, se cadra, a mellor forma de fixa-la propia esencia diso que tan lizgairo e fuxidío se lles amosa ós apaixonados buscadores de valores. Pero non; no discurso humano

non se pode prescindir da dimensión universal que calquera ente, xa físico, xa social, xa moral ou espiritual, sempre comporta en canto meritório, máis ou menos meritório, ou simplemente indigno e nocivo para o reino do vivo. Moito máis sentido ten preguntarse pola especie de valores que van inexorablemente unidos ás accións humanas e, polo mesmo, serven para conformalo raciocinio axiolóxico sobre as persoas responsables de tales obras.

Cando intentamos categoriza-los valores que van ás costas do obrar humano, estamos tratando cuns entes ós que a cultura occidental sempre chamou morais e que sitúa no treito que vai do bo ó malo, do mellor ó peor, porque neste ámbito non todo importa igual.

Á ética encoméndaselle desde sempre a diagnose e tratamentos que a boa saúde do comportamento humano precisa en cada intre. Xa que logo, do moral non só se pode, senón que necesariamente se ha falar unha e mil veces; mellor aínda, do moral todos, alfabetos ou non, falan, e con moito tino. Doutro xeito estaríamos renunciando a entender e coñece-la faceta humana máis pública e notoria: vivir á luz do día nas relacións sociais, na convivencia na rúa, no traballo, na vida diaria máis inmediata. De certo que a ética nace na praza pública, cada vez que calquera se sorprende diante da experiencia inmediata de estar aprendendo os hábitos de comporta-

mento colectivos, no intre de aplaudir-lle ó santo, guerreiro, heroe ou asceta, ó líder obreiro, salvador político, artesán laborioso ou mestre en calquera modalidade de vida exemplar, cada vez que descobre que a todos lles gustaría asemellarse. Pero a ética vive de cara á praza, por canto nada do que nela repara lle satisfai plenamente. A experiencia máis inmediata de onde sae a reflexión ética é daquela que aínda non chegou a ser; do modelo exemplar inexistente pero desexado e querido; dos mestres que non andan polas beirarrúas pero todos anhelan que algún día cheguen a ser personaxes de carne e óso. Si, a ética vivirá para sempre do osíxeno xerado polos futuros perfectos, polos que en bondade superan ó que en cada momento hai. Ningún pecado é máis fácil de desculpar no campo da ética ca aqueles que se cometen no nome do idealismo e da utopía, por máis que, de certo, historicamente ningún inferno houbo máis inxusto cós creados baixo a advocación do ceo, ningunha tempestade social máis escravizante cás orixinadas polos furacáns utópicos. Malia que a fin do século XX podería empurrarme con argumentos certos a prol da realidade histórica, sociolóxica e psicolóxica de que defender ideais ás veces é un estético pretexto para encubrir ambicións e aprobar crimes contra a especie humana, non podemos, *a contrario*, negala verdade de que a ética mira para o futuro, de que o mundo do moral sempre se experimenta como algo en precario. O

xenuinamente ético é estar de contino creando, inventando, metamorfoseando a realidade moral para transfigurala a cada paso naquilo que aínda non é pero sería maravillosos que fose. ¿Que sería da ética sen a experiencia desexada do mañá? ¿Que lle ocorrería ó organismo moral sen o sustento dun mundo mellor?

Concluamos, pois, que a ética estudia os valores morais e que o estatuto máis esencial destes radica en estar sempre referidos á vida humana, en rebordar sempre sobre o futuro, en cabecear cara a adiante. Por iso non son nin se identifican coas realidades materiais, nin teñen que ver con que de feito se dean ou non; o fundamental é que sería desexable que se deran, e que unha vida sen valor é algo que non merece existir. Os valores morais, referidos á vida humana, farán da ética unha escatoloxía da temporalidade individual.

Na sociedade sen fundamentos nin substantividade, sen deuses nin dictadores, que antes apuntabamos, ¿segue a se sentir urxencia de valores?, ¿tense sede de máis valores dos que hai? Sen dúbida que si, pois cada día se piden máis compromisos e exemplos prácticos de vida moral. Xa non chega con predicar, hai que dar trigo; xa non abonda con mirar e contemplar, hai que modificar e actuar; xa ningún se fía de metáforas e parábolas explicativas, cando o que se pide son exercicios de vida ética.

Os valores seguen sendo a forma humana de facer prácticas de bonhomía, de inventar e crear vidas humanas ás que o común da xente considera merecentes de seren imitadas e loadas. En definitiva, saen da sociedade para volveren sobre ela e tornala máis humana, digna, excelente. ¿Ou é que hai mellor forma de progresar moral e socialmente? Porque desde a lei do Tallón -quen as fai págaas- ata o altruísmo das ONG, ninguén negará que se mellorou, e moito.

2. OS VALORES: ONTE

Para min quixera a capacidade de construír un pequeno relato sobre a fragmentación e mestura na que ata o século XX conviviron os grandes eixes do discurso ético: de bens e fins, de motivos e intencións, de normas e deberes, de hábitos e virtudes, de boas intencións individuais e consenso social; o discurso totalizador está presente, e con moito espiñazo, nas distintas concepcións que do existir humano se teñen tanto nos intelectualismos morais, que sempre andan ó rabo de Aristóteles, coma no réxime da cristiandade, onde a deontoloxía limita polo norte co querer teonómico.

Falta, de certo, nesta tradición, un discorrer que analice e integre, esnaquice e urda a categoría dos valores como conxunto no cal integra-los valores morais, pois nin sequera a liberda-

de como gran berce do moral reclama para si o cualificativo de cousa merecente de aprecio e valiosa de seu.

En efecto, entre os ingredientes que acabamos de nomear non aparece, nin nos sistemas que insinuamos figura nada referente ó valor como punto cardinal cando de deslinda-lo campo de actuación ética se trata. Para a tradición, carecen de entidade propia, e á hora de explica-lo funcionamento do organismo moral non se lles reserva ningunha operación específica. Son puras accidentalidades sen oficio nin beneficio.

O primeiro filósofo que na cultura occidental categoriza tódolos ingredientes que compoñen unha sistemática xeral dos valores e unha ética material dos valores feita dentro de semellante teoría será Max Scheler (1874-1928), que na obra *El formalismo en la ética y la ética material de los valores* -tres edicións (1916, 1921, 1926) sucesivamente revisadas polo autor- pretende fundamentar e facer depende-la ética do concepto de valor. Desde presupostos fenomenolóxicos, este malogrado profesor da Universidade de Colonia converte o eido dos valores nunha realidade autónoma e independente de calquera outra categoría de ser; dálles propia substantividade, ademais de integra-la ética como arte da filosofía que se dedica a estudia-los valores morais e conformar así un saber ético integrado dentro da teoría axiolóxica -Filosofía dos valores-.

A novidade de tal aposta cultural vén dada pola descoñecida perspectiva desde a que se consideran os problemas morais de sempre: a axioloxía.

¿Cales son os problemas para os que Scheler quere atopar solución?

Ripa-lo moral do eido da pura vacuidade kantiana, do idealismo transcendental, e darlle contidos materiais; quen admita a existencia dun ámbito de moralidade ten necesariamente que dotalo de propia entidade e mantelo lonxe dos perigos reduccionistas de idealistas e positivistas: mundo dos feitos ou da conciencia transcendental. En segundo lugar, delimitar que sexa o contido propio de tal ámbito e defínilo en conceptos de esencialidade, tal e como o método fenomenolóxico prescribe: ir ás cousas mesmas.

E, por último, darlle a toda avaliación humana o soporte obxectivo determinante para que a ética, en canto forma de falar do e sobre o moral, endexamais se mergulle nin contaxie co caprichoso mundo das veleidades individuais. A ética é demasiado importante como para confiala a mesiánicos salvavidas, por máis santa vontade que teñan.

¿Cales son as fórmulas resolutivas?

A primeira, conformar unha ética que entenda o conxunto do vocabulario moral, desde o valor como categoría central: os bens serán cousas con

valor; os fins, resultados dun obrar que ten ou non valor; a boa intención, disposición para lle facer caso ó valor, etc. Fíxa-lo estatuto ontolóxico do moral nun reino de obxectividadeas reais, independentes, irreductibles a calquera outra categoría de seres.

Defini-los valores, non por semellanzas e paridades con outras ordes da natureza, senón polo que en si mesmos son: valores sensibles -agradable/noxento-, vitais -nobre/vil-, espirituais -xusto/inxusto-, relixiosos -sacro/profano-, para rematar establecendo a orde que en canto ó grao de perfección lles corresponde a cada un dentro do conxunto. Porque a xerarquía segundo a maior ou menor dignidade é unha nota esencial desta especial clase de seres.

Para pechar esta cativa restra de respostas, Scheler fixa na intuición emocional (querer) o instrumento que porá en relación directa e lles permitirá ás persoas percibir-los valores e acomoda-las accións humanas ó pedido e debido segundo a orde xerárquica anteriormente aludida. Así, tamén a vivencia emocional adquire propia autonomía e resta irreductible, ben á razón, ben á sensibilidade.

Pero ¿onde agardan os valores morais dos que fala a ética? Non están no campo dos valores obxectivos e materiais, pois xorden na persoa humana cando obra conforme á xerarquía, á

entidade, ás esixencias dos outros. O valor moral exprésase cos vocábulos bo-malo; eles non teñen máis entidade cá que lles dá o obrar de acordo co ordenamento e organigrama do mundo axiolóxico. Os valores morais aniñan no interior humano; o ser de seu dálle-lo o ser humano cando executa e porque executa os valores extramoraís.

Daquela, desde os valores como entidades con propia substantividade avaliamos e definimos tanto as accións morais coma a persoa que os leva a cabo no seu diario quefacer. A ética material dos valores queda así conformada como unha disciplina -"fundamentación estrictamente científica e positiva da ética filosófica" (Scheler, *o.cit.*, pról. á primeira ed.)-, superadora do idealismo, do empirismo, do subxectivismo, do relativismo, do formalismo, dos teoloxismos, e mesmo das éticas gratuítas, por canto é un saber humano acerca dun modelo de actuación -obrar ben-mal- que vén aprioristicamente determinado desde un reino eterno e intemporal. E todo porque, ó cabo, só o ser humano ten sensibilidade para recolle-lo sinal emitido desde a torre do que vale.

¿Cales foron os vaivéns deste modelo de ética en Europa?

Coas orientacións e ablucións cristiás introducidas por Hildebrand ("Die Idee er sittlichen Handlung", 1916), e as seguridades platónicas engadidas por N. Hartmann (1882-1950),



Max Scheler *Diccionario de autores Bompiani*, Ed Planeta-Agostini, 1987

triumfa na Europa de entreguerras. Cando a traxedia e a desfeita total se espeten nas carnes de tantos inocentes, terá que deixarlle o triste papel de non comprender tanta morte absurda ó existencialismo, pero o arrecendo de cousa agradable seguirá presente ata os modernos personalismos.

2.1. A FILOSOFÍA DOS VALORES EN ESPAÑA: A ESCOLA DE MADRID

As novas sobre o mundo dos valores e dos seus poboadores, o aviso



José Ortega y Gasset *Diccionario de autores Bompiani*, ed Planeta-Agostini, 1987

da terra nova á vista e ollo ás artes milagreiras de cultivo chegan a España, como tantas outras veces, por obra da escoita e vixiante atención coas que Ortega acompañaba os alentos rexeneradores hispanos cada vez que pegaba a orella á terra enxergada de alén dos Pirineos.

En dous escritos -"Max Scheler, un embriagado de esencias", publicado en 1928 (*o. cit.*, IV, pp. 507-520), e

"Qué son los valores", 1923 (*o. cit.*, VI, pp. 315-335)- nos que respectivamente presenta a fenomenoloxía como superadora da falta de sentido que radica en toda ciencia positiva, a Scheler como "debedor de esencias" e autor que a todo lle busca finalidade, e define os valores como "calidades das cousas" (p. 328), independentes dos suxeitos - "Ningún acto subxectivo lle dá valor a unha cousa" (p. 326)-, que chegan a coñecelos gracias á estima e gusto que por eles senten.

Como nel é habitual, remata ámbolos dous escritos asumindo o labor de pedagogo respecto á cultura española, de provisor e mestre con respecto ás tarefas que están por facer.

Para Scheler pide que se remate a súa obra: "a morte de Scheler (1928) deixa Europa sen a mellor cabeza... Agora cómpre contempla-lo seu esforzo facendo e engadíndolle o que a el lle faltou: arquitectura, orde, sistema" (p. 511).

Para os valores, que alguén se namore deles e non dubide á hora do cortexo: "reconstruí-la historia como proceso de desacubillamento de valores" (p. 335).

¿Haberá algo máis sublime que ir desde os valores de cada época, raza, corrente cultural, etc., á comprensión das demais facetas da cultura? Unha historia que explique a tecnoloxía, as

formas de poder, a ciencia, a sensibilidade para uns tipos de relacións sociais e a cegueira para outros, ¿que cousa mellor se podería soñar?

A voz de alerta e proxecto de futuro tivo longo e serodio eco a partir da década dos sesenta por Iberoamérica -R. Frondizi, *¿Qué son los valores?*, W. Stengmuller, *Corrientes fundamentales de la filosofía actual*, A. Ster, *Filosofía de los valores*, F. Romero, *Filosofía de la persona y otros ensayos de filosofía*- despois de que a Guerra Civil lle fixera perde-lo carácter de Escola -"A Escola de Madrid deixou de existir en xullo de 1936" (J. L. Abellán - T. Mallo, *La escuela de Madrid*, p.145)- á orteguiana.

Sen que con isto lle neguemos a Ortega o papel rectoral, nin á escola o de interese polos valores, temos que afirmar que non practicaron a obediencia cega. Cousa, polo demais, asumida como normal, pois "é posible ter como membros desta escola a pensadores con doutrinas filosóficas que, e en moitos puntos fundamentais, son distintas ás seguidas por Ortega. O importante é participar nese movemento de renovación filosófica, creado e impelido por Ortega y Gasset, e soste como el a necesidade e urxencia de que o pensamento filosófico elaborado en España estea, segundo a xa famosa fór-

mula, á altura dos tempos." J. Ferrater, "Madrid" (Escola de), *Diccionario*.

Ningún dos abandeirados -Gaos, Morente, Zubiri- colleu a seu cargo e de forma inmediata o programa orteguiano, a pesar de que o primeiro traduce *El resentimiento en la moral* (1927) e *Sociología del saber* (1935). De feito, se ben algúns fragmentos ían aparecendo na *Revista de Occidente* xa desde 1923, ata a década dos corenta non se acomete en España a traducción completa das obras centrais para a filosofía dos valores¹, ata os cincuenta a de Hartmann e ata os sesenta a de Hildebrand.

Non. Con respecto á teoría dos valores, ás éticas feitas sobre os valores morais dos tres autores xermánicos, a Escola de Madrid non respondeu ó contrasinal orteguiano. ¿Houbo algún ninguén que nalgunha parte de España collera o recado?

2.2. A FILOSOFÍA DOS VALORES EN GALICIA: O INSTITUTO DA CORUÑA

Nun momento histórico de inflación política, militar, relixiosa e demais adminículos, ninguén tivo a curiosidade de se ocupar de algo tan exclusivamente humano e espiritual como os valores morais. Para os avogados da España oficial da década dos trinta, o concepto de valor máis nada ten que ver cos labores

¹ *Der formalismus in der Ethik und die materiale Wertethik*, traducida co título *Ética Nuevo ensayo de fundamentación de un personalismo ético*, trad de H Rodríguez Sanz, 2 vol , Buenos Aires, Rev de Occidente argentina, 2ª ed , 1948

de fortificación e obras de cercado arredor dos organismos sociais; mentres as institucións manteñen boa saúde e relacións de poder perfectamente controladas coa sociedade, o mundo do ben e do mal por eles defendido non corre perigo. As éticas confesionais -inchadas de crenzas políticas, etc.- axudan, e daquela maneira, a construír a gorida protectora para a convivencia social ou, mellor "disocial". Quen mellor administre e controle o conflito acadará a sentenza que lle dea dereito a seguir ordenando conceptualmente os comportamentos morais.

Na atmosfera da España vital, a preocupación e ocupación en poñer-los valores hispanos á altura dos tempos acontece de forma case espontánea no Instituto da Coruña (Eusebio da Guarda). Por máis sorprendente que lle resulte ó lector de lizgaira atención o que agora escribo, está claramente documentado: o labor de traer a España a Filosofía dos valores, de tanta sona en Alemaña e Francia, a urxencia de rescatalos das gadoupas dos fundamentalistas relixiosos, políticos e militares; a necesidade de infiltralos tanto nos recunchos da vida privada coma nos espazos abertos da pública; o afán por levalos ás aulas, onde os máis novos practican o ensaio-erro dos primeiros pasos socializadores; a construción da personalidade moral; a paixón por aproveitar calquera instancia ou voceiro social -prensa, tribuna, radio-, para falar de valores, de filosofía

e ética dos valores, de persoas responsables do ben e do mal morais, da aprendizaxe-ensino dos valores, etc., ten lugar entre 1928-1936 no Instituto Eusebio da Guarda, da cidade da Coruña. E, se non, escoiten:


"Se en España houbera obras de Ética, escritas en harmonía co que hoxe está de moda nesta rama da filosofía, seguramente este libro non sairía á luz. Pero se as hai, eu non as coñezo. A carencia de boas éticas clama ó ceo. Non en cantidade, senón en calidade. A meirande parte delas seguen chantadas nos eidos tradicionais, hoxe superados en filosofía. E as que intentaron segregarse da tradición fixérono tamén da ética. Non son éticas, senón socioloxía do moral ou algo semellante." (*Ética general*, A Coruña, 1935)

O que non ocorre coa Escola de Madrid dáse neste centro de Ensino Secundario. Aquí sucede a boa obra de pór á altura dos tempos os valores morais e a ética encargada do seu estudio.

¿Quen leva a cabo tan innovador e historicamente transcendental evento?

Un discípulo de Ortega, amigo persoal e coetáneo de Zubiri, que desde Medina de Pomar (Burgos) chega á Facultade de Filosofía (1923). Admirador de Ortega, lector atento a todo canto na *Revista de Occidente* ve a luz, faise reo, precisamente, do que ninguén quixo saber nada: a ética.

Cando en 1928 D. Ramón del Prado (1893-1945), calado, discreto, observador insaciable de tantos ruídos



Instituto da Guarda A Coruña Desde a súa cátedra de filosofía neste centro, deu a coñece-la súa *Ética General* o filósofo Ramón del Prado *Catálogo de Arquitectura de la Coruña, COAG, 1984*

que desde o Orzán resoan no Instituto, chega á Coruña, os que o miran de primeiras non podían nin sospeitar que debaixo de tantos tics nerviosos camiñara, segura e sempre directa, unha conciencia clara do quefacer no futuro. A sólida formación intelectual e a rexa personalidade moral sumáronse á hora de pó-las mans ó labor de sementar no Instituto da Coruña as ideas filosóficas e éticas que por Europa teñen carné de cidadanía. Ó pouco de convivir e instalarse neste centro de estudos, non lle queda dúbida ningunha de que ha facelo mesmo e polas mesmas razóns que en Madrid facía a que logo Gaos chamaría "Escola de Madrid".

Catedrático de Filosofía, confrade de moitos discípulos de Ortega, xeracionalmente inmerso nas ocupacións dos avogados da España vital, ¿que mellor tarefa que a de se pór a traballar naquilo que ninguén está a facer?

No Instituto Eusebio da Guarda, pola obra de don Ramón del Prado, vaise levar a cabo a súplica de Ortega co resultado insospitado de *pór de facto a ética española á altura dos valores*. Que isto ocorra nun centro illado de Madrid e de segunda categoría académica impuxo a inxusta lei do silencio: nin o auto figura como membro da Escola de Madrid, nin a obra nos ficheiros de

emprego habitual. E todo, ¡oh sarcasmos e argucias dos remeiros da historia!, a pesar de ter que pagar con quilos de sufrimento e gotas de fel callado ámbalas dúas trasnadas do destino.

¿Como cumpriu a misión?

Facendo unha ética na que se recollen as achegas, non só de Scheler -proposta orteguiana-, senón tamén as de Hartmann e Hildebrand -aposta de Ortega para unha historia da cultura desde os valores-. En efecto, a *Ética General* (A Coruña, 1935), de Ramón del Prado, pon ó dispor dos alumnos do Instituto o organigrama do mundo moral segundo a chamada Filosofía dos valores. Cunha linguaxe clara e sinxela, directa e accesible a tódolos públicos -en tres meses vendeu dúas edicións-, pensando sempre na facilidade de comprensión, vai debullando as razóns para mellor vivir e como facelo desde presupostos axiolóxicos, distintos ós das éticas teolóxicas, iusnaturalistas, utilitaristas e mesmo existencialistas. Concibida para os bachareis do Instituto, non impediu que moitos non matriculados acudiran a mercala e lles resultara proveitosa para a propia reflexión.

Nin a metafísica, nin a relixión, nin o saber positivista, nin ningunha das capas máis ou menos profundas da conciencia serven de alicerces para a nova edificación. O noso autor fai algo distinto: unha ética material dos valores.

A memoria xustificativa non ten volta de folla. Chámase “dos valores” porque os entende como realidades con entidade de seu, ponos como anteriores e razón fundadora de todo ben e deber, finca neles o criterio para distinguila intencionalidade boa da mala, deles zuga a forza para toda norma de comportamento moral e, xa que logo, gracias a eles a ética ten derradeira xustificación científica. Os deberes e as obrigas, os imperativos e as prohibicións, as virtudes e os vicios, o ben e o mal, repousan sobre a serie xerárquica de valores obxectivos. Ó ser humano, para ser moral, só lle resta preferilos e executalos materialmente.

Os conceptos de premio, castigo, finalidade, benaventuranza, relixiosidade, dereitos humanos, felicidade, orde política, boa ou mala vontade, xustiza, etc., son algo derivado e consecuente coa realización e posta no mundo da vida material dos valores sensibles, vitais, sociais, espirituais, relixiosos, estéticos, etc., existentes en si mesmos. Cando cada ser humano nos seus comportamentos coa natureza, cos outros humanos, consigo mesmo, ou mesmo cos produtos culturais, respecta e obedece o reino substantivo do valioso, está sendo bo e actuando moralmente ben. Á moral só lle é esencial o ser e a xerarquía do valor. Por iso a ética que expón Del Prado ten autonomía, está ó servicio do que vale, e supón unha actitude de compromiso e respecto coa esencia do que hoxe, onte

e mañá conforma “un conxunto de obxectos semellantes na maneira de ser, conxunto que conforma unha categoría ideal de seres, un reino especial, con estruturas, leis e xerarquía propias” (p. 109). A ética material dos valores dará os criterios polos que rexerse no comportamento, pero, ademais, diante de tanta inflación ideolóxica como se respira no *tempus* do que vimos falando, porá o ollo no miradoiro que impedirá *a radice* chamarlle branco ó negro. Criterio obxectivo e soporte autónomo: velaí os eixes deste modelo de comprensión para a vida humana. ¿Haberá mellor forma de conserva-la conciencia moral a cuberto de calquera dictadura ideolóxica?

3. OS VALORES: MAÑÁ...

Desde o xa sabido, ¿que podemos esperar dos tempos vindeiros? Ningunha perspectiva máis despexada de sombras e tebras cá convivencia cos máis novos e a inmersión nas institucións educativas para poder xulgar con algunha obxectividade o inmediato futuro dos valores, e máis concretamente dos valores morais encarnados na polaridade ben-mal.

Digamos, para empezar, que xa non é posible soste-la obxectividade dos valores como realidades independentes do libre querer humano. Os valores seguirán sendo obxecto de ensino-aprendizaxe, pero a matriz da que

dependen vén conformada pola sociedade dentro da que cadaquén vive. Por máis que nos amole, non cabe pensar en valores “burbulla”, ideais illados da realidade social, obxectos valiosos sen ninguén que lles dea dignidade, persoas iluminadas, santos ou heroes dotados de sentidos especiais para percibiren o reino eterno dos puros valores. Hai que agarrarse e contentarse con tódalas miserias sociais para, desde elas, intentar melloralas; é mes-ter ir desde as migallas e a tormenta de estrelas fugaces do presente ó ceo dese-xado e querido. Os valores seguirán necesitando ser categorizados pola valoración que a sociedade faga deles. Nin intuicións privilexiadas, nin métodos racionais universais, nin reflexións transcendentais, poderán substituír no modelado dos valores a actividade avaliadora das xentes do común nin da sociedade contemporánea.

Ende ben, xa non teremos oportunidades de criar e inventar valores para, de seguido, anicarnos perante eles e adoralos polo resto dos días, menos aínda de falar de casas paternas ás que tódolos fillos pródigos deberan regresar canto antes. Non haberá pais esperando, nin derradeiras vontades pedindo aquilo de “¡levádevos ben!”. Ninguén cargará co deber de ter que pega-los anacos das familias rotas pola heterodoxia axiolóxica dalgún dos seus membros. Xa que logo, as morais de principios universais, a valoración intersubxectiva dunha determinada

cultura ou grupo social como normas universais para o resto da sociedade, perde día a día forza de convicción. As seguridades dadas polos principios universais e polas substancias permanentes son especies extinguidas.

Sen embargo, ós que vivimos decote ó pé das institucións escolares, desorientáanos escoitar a cotío ditos e opinións que insisten en que tódalas ideas e actividades son igualmente respectables e que cando se poñen na balanza da moral pesan o mesmo.

Ós profesores de filosofía tamén nos desacouga a contradicción entre presenta-los valores -normas, actitudes e valores- como elemento esencial que a escola debe ensinar, e logo eliminar na realidade horaria a ética como disciplina curricular. Quen lea a lei -LOXSE- que durante os próximos vinte anos vai regula-la vida escolar en España, seguramente, e con máis razón ca un santo, matinará algo así como: a escola do século vinteun xa non se xustifica polos conceptos -historia, literatura, sumar, restar...- que aprenda, senón polos valores e actitudes que transmita.

En efecto, mesmo semella ser unha lei cavilada para pó-la sociedade española á altura dos valores democráticos, a dínamo que xere o potencial mobilizador da liberdade e solidariedade humanas. Os valores serán os instrumentos eficaces para multiplica-los bens da humanidade. Seguirán pertencendo ó reino da utopía; colocados fóra do real, moito traballo e máis responsabilidade lles proporcionarán a tódolos que, pensando en futuros perfectos, boten man unha e outra vez da liberdade

Tódolos profesores, en tódalas disciplinas, teñen que aprender e avaliar valores, comportamentos, actitudes, disposicións, e iso como tarefa substancial da función docente.

Emporiso, aínda que fose certo aquilo de "besta de todos cómea o lobo" ou "se queres que algo non se faga, encoméndallelo a moitos", as dificultades apuntadas -todo vale igual, todos na escola a aprender-ensinar valores, ¿para que a Ética?- suscítanme as seguintes preguntas: ¿que ha facer o profesor de Ética?, ¿calar, escoitar, predicar, opinar, asentir, dialogar...?, ¿sobrará ou non a Ética na escola de primeiros de século?

No suposto, sempre no aire, de que siga habendo algunha hora dedicada a iso que todos chaman Ética, o labor que lle corresponderá como máis específico a tal profesor será o de sistematizar e organizar loxicamente as innumerables faragullas e fragmentos nos que os valores navegan sen control polo resto das disciplinas. Ó meu entender, a Ética do mañá non vai ser de principios, nin de valores unívocos, tampouco de morais universais. A Ética académica só poderá ser sistemática, loxicamente estruturada, organicamente integrada.

E iso só na escola e pola escola pode chegar ó resto da sociedade. O que vale ou non vale decidírao a sociedade, o que convence máis ou menos será cousa dos argumentos empregados na xustificación dunhas e outras restras de valores; só a lóxica interna no engarzamento duns valores con outros restará para o profesor de Ética.

E fundamento a miña tese no que tódolos sistemas éticos que falan de valores e de valores morais admiten: a moral precisa saírse do presente para non aceptalo como definitivamente bo. Tal fuxida supón unha posta en práctica da liberdade e do compromiso persoal coa especie humana pasada, presente e futura. Socialismos, vitalismos, analíticos, aristotélicos, kantismos, cristianismos, personalistas, axiolóxicos, contractualistas, utilitarismo, etc., son sistemas de pensamento que conviven nunha mesma sociedade democrática, toleran as diferentes xerarquías de valores, apoian a forza dos argumentos en distintas obviedades, e de seguro todos serán defensores na institución escolar, tanto entre os docentes coma entre os alumnos.

Pero non é posible que o profesor de Ética sexa á vez un expoñedor de tódalas racionalidades -¡que monstrosidade!-; non é mellor, entendo, tam pouco, que se apaixone e concentre na explicación dun único modelo de pen-

samento ou dunha soa ética -¡canta indoutrinación!-.

Se a ética ha se-lo discurso humano sobre o ben e o mal, o mellor é que se centre en constituírse como un saber coherente e racional. Se o profesor de Ética ten de traballar sobre valores creados na sociedade e de obrigada presenza en tódalas actividades educativas regulamentadas, como analista -non xuíz- debe centra-lo seu quefacer profesional en enfiar uns valores con outros. Poñe-los valores nun sistema coherente, por exemplo, liberdade-solidariedade, amor propio-amor ó semellante, dereitos individuais-colectivos, esfera privada-pública, lei xusta-inxusta, obedecer-desobedecer, autonomía-heteronomía, etc., onde o profesor actúe de creador e descubridor, non dos valores, senón das relacións lóxicas de implicación, distinción, conxunción, contradicción, exclusión, negación...

A eterna teima moral de que o ser humano obre ben, seguramente xa non volverá ter máis seguridades cás proporcionadas por un razoamento ético no que prime a rectitude lóxica. O *ius fori* e o *ius populi* dos valores na escola do vindeiro século acaso precisen do *ius rationis* da clase de Ética. ¿Ou será que non precise secuencializar lóxica -estructura da materia- e psicoloxicamente -estructura de intelixibilidade- os propios contidos coma nas outras?

